



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la desaparición de un puñal de cobre del Calcolítico de los fondos del Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.**

Hasta 1973, en el Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento se custodiaba una importante pieza arqueológica, un puñal de cobre del Calcolítico, periodo de la Prehistoria en el que se inicia la metalurgia; este puñal de cobre se había hallado hace más de un siglo en la zona de Monforte de Lemos y a día de hoy, sin embargo, se desconoce su paradero.

Inicialmente, el puñal de cobre se depositó en el antiguo Seminario de Estudios Gallegos, institución eliminada por la dictadura franquista. Posteriormente fue depositado en el Instituto Padre Sarmiento, institución creada en 1994 con sede en Santiago de Compostela y dependiente del CSIC, creado en 1944, y está comprobado que estuvo allí al menos hasta 1973. Desde el año 2000, el Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento es un centro de gestión mixta o titularidad compartida entre la Xunta y el CSIC (Estado).

El puñal fue mencionado por primera vez por los historiadores Ciriaco Pérez Bustamante y Salvador Parga Pondal en una obra de 1924. Según los académicos, el puñal había pertenecido al abogado Joaquín Arias Sanjurjo, quien lo donó al Seminario de Estudios Gallegos creado en 1923. El estudio explicaba que la pieza podría proceder del fuerte de Babela en Monforte o del yacimiento de A Bastida en Pantón.

Fue el historiador Xabier Moure quien llamó la atención sobre la desaparición del puñal cuando acudió al Instituto Padre Sarmiento en su búsqueda, y en la actualidad no se sabe dónde se encuentra.

El CSIC es el responsable último de la custodia y mantenimiento de las piezas que alberga en las instituciones y organismos que dependen de él y, por tanto, debe abrir una investigación para intentar localizar esa pieza arqueológica e intentar recuperarla para fondos públicos.

Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al



Gobierno:

1. ¿Dispone el CSIC, a través del Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, de documentación acreditativa del puñal de cobre del Calcolítico, hallado hace más de un siglo en la zona comprendida entre Monforte y Pantón, y de cuál es su paradero actual?
2. ¿Tenía conocimiento el CSIC de la desaparición de ESTA pieza prehistórica? Si es así ¿cuándo tuvo constancia de su ausencia?
3. ¿Cómo se explica que el puñal desapareciera de los fondos del entonces llamado Instituto Padre Sarmiento?
4. ¿Se llevó a cabo algún seguimiento de esta pieza antes o después de confirmarse su desaparición?
5. ¿El CSIC abrirá o ha abierto ya una investigación para determinar cómo se produjo la desaparición y para intentar localizar y recuperar la pieza arqueológica?
6. Si ya se tiene alguna información al respecto, ¿podría hacerla pública?

Madrid, a 7 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

07 MAY. 2025 10:22:51

Entrada **67451**

Sobre a desaparición dun puñal de cobre do Calcolítico dos
fondos do Instituto Padre Sarmiento

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á desaparición dun puñal de cobre do Calcolítico dos fondos do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.**

Até o ano 1973 estivo albergado no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento unha peza arqueolóxica importante, un puñal de cobre do Calcolítico, período da Prehistoria no que se iniciou a metalurxia, que foi achado hai máis dun século na zona de Monforte de Lemos, porén, a día de hoxe descoñécese o seu paradiro.

Inicialmente, o puñal de cobre foi depositado no antigo Seminario de Estudos Galegos, institución que a ditadura franquista eliminou. Posou entón ser depositado no Instituto Padre Sarmiento, dependente do CSIC, que foi creado en 1944 e con sede en Santiago de Compostela, quedando probado que estivo alí, cando menos, até o ano 1973. Desde o ano 2000, o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento é un centro de xestión mixta ou titularidade compartida entre a Xunta e o CSIC (Estado).

O puñal foi referenciado por primeira vez polos historiadores Ciriaco Pérez Bustamente e Salvador Parga Pondal nun traballo en 1924. Segundo estudosos, o puñal pertencía ao avogado Joaquín Arias Sanjurjo que foi quen o donou ao Seminario de Estudos Galegos creado en 1923. No estudo explicábase que a



peza podía proceder do castro de Babela en Monforte ou do lugar da Bastida en Pantón.

Foi o historiador Xabier Moure quen chamou a atención sobre a desaparición do puñal cando acudiu ao Instituto Padre Sarmiento na súa procura, sen que se saiba onde se encontra na actualidade.

O CSIC é responsábel, en última instancia, da custodia e mantemento das pezas que alberga nas institucións e organismos que del dependen e que, por tanto, debe abrir unha investigación para tratar de localizar esta peza arqueolóxica e tratar de recuperala para os fondos públicos.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Ten o CSIC, a través do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, documentación acreditativa sobre o puñal de cobre do Calcolítico, encontrado hai máis dun século na zona situada entre Monforte e Pantón e sobre cal é o seu paradiro actual?
2. Tiña coñecemento o CSIC sobre a desaparición da peza prehistórica? De ser así, desde cando tivo constancia da súa falta?
3. Como pode explicarse que o puñal desaparecese dos fondos do entón denominado Instituto Padre Sarmiento?
4. Realizou algún seguimento desta peza antes ou despois de constatar a súa desaparición?
5. Abrirá ou abriu xa o CSIC unha investigación para determinar como se produciu a desaparición, tratar de localizar a peza arqueolóxica e recuperala?



6. De ter xa algunha información ao respecto pode compartila?

Madrid, a 7 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso